

Acacia melanoxylon R. Br.

Reino: Plantae

Filo: Tracheophyta

Clase: Magnoliopsida

Orden: Fabales

Familia: Fabaceae

Subfamilia: Mimosidae

Género: *Acacia*

Lugar de procedencia:

Sureste de Australia e Tasmania.

Habitat en área de introdución

Altitudes inferiores ós 500 m, xeralmente en terreos de escasa pendente, silíceos e pouco profundos.



Acacia negra, acacia, acacia de madeira negra



Mimosa moura



Acàcia de fusta negra



Arkazia

Biología

Florece de marzo a xuño. Necesita climas templados, perxudicándolle os fríos invernaes intensos. Reprodúcese por semente, que poden chegar a permanecer viables no solo 50 anos, e por vía vexetativa mediante brotes de raíz. O seu carácter invasor acrecentase despois dos incendios e a degradación e perturbación da cuberta vexetal favorecen a súa expansión. Especie moi lonxeva, pode chegar a vivir 100 anos. As follas perdidas ao descomparse liberan compostos fenólicos con efectos alelopáticos sobre o resto das especies vexetais, impedindo a súa xerminación e crecemento.

Introdución

Introducida en Europa no ano 1801 e en España a finais do século XIX ou principios do XX (descoñese fecha exacta) como planta ornamental e forestal para a produción de madeira, tamén para fixar dunas.

Campus de Vigo

Zona Fontecova. Zona Norte e Oeste do campus.

